

CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL AS MARIÑAS-BETANZOS PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS: DESTINO DE ECOTURISMO FAMILIAR NEUTRO EN CARBONO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que a Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas Betanzos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 31 de decembro de 2024 dende o día da súa sinatura e sen prexuízo das posibles prórrogas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do GDR As Mariñas - Betanzos, entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística do Litoral da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

1.O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación (« Next Generation EU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.



A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision- CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

Posteriormente, Axencia Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da



repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás sinerxías e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

3.A Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos.

O Acordo da Conferencia Sectorial do 21 de decembro de 2021, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 29,38 millóns de euros.

4. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística do Concello de Marín promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

O Plan de Sustentabilidade proposto polo GDR As Mariñas - Betanzos, entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, presenta uns obxectivos que transformarán e mellorarán a resiliencia deste territorio recoñecido pola UNESCO para ser un referente



internacional como Destino de Ecoturismo orientado a familias, con produtos baseados na natureza e neutros en carbono. No ámbito da transición verde e sostible propóñense unha serie de actuacións de restauración ambiental (identificación de residuos abandonados na zona costeira de Mariñas Coruñesas e estudo para buscar un novo uso ou reutilización), e mellora da conectividade, adaptación ao cambio climático, mellora de equipamentos de uso público e fomento da marca Reserva de Biosfera, así como mellora e recuperación de sendas para favorecer a mobilidade sostible, a instalación de puntos de recarga eléctrica en cada un dos Concellos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas para favorecer e fomentar a mobilidade sostible e a eficiencia enerxética no Destino, a mellora da calidade de vida e favorecer a xestión de uso público no espazo natural.

O plan, ademais, expón a mellora da accesibilidade no litoral da Reserva de Biosfera e posta en marcha dun servizo turístico integral da Reserva de Biosfera: balizamento da ría de Betanzos, pantaláns para facilitar accesibilidade nas rías do Burgo e ría de Betanzos (Lorbé-Oleiros, Sada, Miño, Betanzos, Cambre e Culleredo), a creación de base náutica especializada en Arteixo para actividades de vento, e base náutica piloto en Gandarío (Bergondo) para desenvolver o ecoturismo na área litoral da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

O Plan integra de maneira transversal a sustentabilidade ambiental, socioeconómica e territorial para combater os efectos do cambio climático, reducindo e compensando a súa pegada de carbono.

Nel exponse, ademais, a realización de modelos de ordenanzas municipais para fomentar a economía circular (xestión da auga, residuos, mobiliario urbano, ruídos, iluminación, normativa paisaxística, mercados e feiras, utilización de produto local); a tematización de equipamentos como Rede de Centros de Interpretación do territorio Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas; o deseño de bases para a implantación dunha fiscalidade verde nos concellos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Guía de Compra Verde Pública para a organización de actos e eventos públicos sostibles; e o deseño do proxecto para a creación dun Mercado da Biosfera no Mercado Municipal de Betanzos, que conte con espazos gastronómicos onde se promocionen os "Restaurantes da Biosfera", o produto agroalimentario local certificado e zona de venda de produtos e servizos turísticos locais.



Coa posta en marcha do plan, traballarán para ofrecer un turismo diversificado, onde se mellore a cadea de valor turística mediante o uso de tecnoloxía, a través da formación a xestores de destino en ferramentas dixitais e plataformas de xestión, a formación a empresariado turístico, darase difusión ao destino e elaborárase unha plataforma dixital para a recompilación de incidencias e fomentar a participación cidadá (poboación local, excursionistas e turistas).

A proposta da Asociación de Desenvolvemento Rural "As Mariñas – Betanzos" pretende, por tanto, mellorar as infraestruturas, accesibilidade e mobilidade litoral-interior que fundamentan as accións, incorporando coñecemento mediante a dixitalización para monitorizar avances que axuden á xestión, e buscando que o turismo contribúa activamente á reactivación económica e á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor da Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

